

Cinco séculos de O Príncipe

A política segundo Maquiavelo

JOAQUIM VENTURA



A corte dos Médici, gobernantes de Florencia.

En *O terceiro home* –película dirixida por Carol Reed con guión de Graham Greene– Harry Lime (Orson Welles) reflexiona co seu amigo Holly Martins (Joseph Cotten) desde a nora do Prater vienés sobre a aparente insignificancia daquelas persoas que estaban no chan, vistas desde a altura e da comparación entre a violencia nos tempos do renacemento italiano –que non impediron a aparición dun Leonardo da Vinci ou dun Miguel Anxo– fronte á pacífica Suíza, cuxa máis salientable aportación en seiscientos anos foi o reloxo de cuco.

Este aparente cinismo ten unha clara inspiración no realismo humanista –pesimismo cara á realidade humana– que Nicolás Maquiavelo (Niccolò di Bernardo dei Macchiavelli, Florencia 1469 – 1527) aplicou á teoría de gobernar coa súa obra *O Príncipe*, escrita agora hai cinco séculos, se ben non foi publicado ata 1531. Nacido nunha familia que fora poderosa, pero que ficou empobrecida, Maquiavelo conseguiu traballo nunha oficina pública da cidade de Florencia en 1494, despois da caída dos Médici, unha cidade que naqueles anos estivera polarizada entre o esplendor de Lorenzo de Médici “o Magnífico” e a predicación a prol da austeridade de Girolamo Savonarola, condenado á fogueira.

Malia non ser do partido dos Médici, Maquiavelo ficou abraiado polo goberno de Lorenzo. Tivo oca-

sión de coñecer os mecanismos do goberno e algunhas cortes estranxeiras. Especial influencia nel tivo a súa presenza na elección de Giuliano della

Rovere como papa Xulio II, na sucesión de Alexandre VI, o segundo pontífice Borgia, e as manobras do fillo deste, César, a prol da elección malia a rivalida-

de entre ambas as familias.

Caída a república en 1512, os Médici ocuparon de novo o goberno florentino. Maquiavelo, implica-

do nunha conspiración, foi detido, torturado e desterrado á súa casa petrucial de San Casciano in Val de Pesa. Alí redactou *O Príncipe*, dedicada ao segundo

Lorenzo de Médici, neto do Magnífico. Malia a diferenza de criterio –Maquiavelo nunca ocultou o seu republicanismo; é dicir, o goberno dos cidadáns– defendeu a tiranía para unificar Italia, débil na súa dispersión en cidades-estado fronte aos reinos de Francia e España e o Imperio Xermánico.

O humanismo de Maquiavelo –como o de César Borgia– era profundamente realista e non agochaba que os humanos somos ambiciosos por natureza. Por iso desbotou tanto o idealismo (o boísmo nos nosos días) como a visión aristotélica reformada por San Tomé de Aquino verbo da xustificación da orixe divina do poder. O gobernante ten que saber gañar o respecto dos seus súbditos e fuxir da corrupción e da violencia, nun equilibrio entre ser amado e ser temido.

Pero tamén ten que saber gañar o poder, se ben unha vez obtido terá que render contas. A violencia e o despotismo están xustificadas para acceder ao poder, pero, unha vez alcanzado, teñen que concluír. Por esa razón consideraba que a forza pública tiña que estar en mans dunha milicia cidadá e non dunha tropa mercenaria, allea ao pobo e corruptible.

O seu pensamento influíu en moitos pensadores da Contrarreforma

Con relativismo, consideraba o papel da relixión, útil para Maquiavelo na medida en que axudase a obter e conservar o poder. Porén, pola súa negación da metafísica do poder, da súa orixe na providencia divina, *O Príncipe* foi incluído no índice de libros prohibidos pola Igrexa católica e tamén foi condenado polos reformadores calvinistas por consideralo ateo.

O pensamento de Maquiavelo influíu decisivamente, malia a prohibición, en moitos pensadores católicos da Contrarreforma (como o padre Mariana ou Gracián). Tamén foi tido en consideración polos filósofos do materialismo metafísico como Spinoza, Bacon, Locke, Hobbes.



Nicolás de Maquiavelo (1469-1527).

Cando Maquiavelo escribiu *O Príncipe*, non estaba a facer un libro de teoría política para o futuro, senón para o seu presente máis inmediato. Daquela non tiña máis exemplos que os do pasado clásico, xa que logo romano, para ilustrar as figuras dun goberno republicano e dun tirano. Por iso, conforme os tempos pasaron e comezou a influír nos novos teóricos do goberno, algúns dos seus principios foron tomados ao pé da letra cando non modificados á mantenta para xustificar accións políticas non sempre con-

fesables.

Un del é a razón de Estado, inevitable nun réxime autoritario, pero inadmisíble nun sistema democrático. Sen chegar ao

De esguello

ideal de transparentismo que defende Julian Assange co WikiLeaks, non son de recibo moitas das actuacións dos servizos de intelixencia de países tidos por inequívoca-

mente democráticos como serían o atentado contra o Rainbow Warrior feito por Francia ou os GAL, promovidos desde instancias policiais e gubernamentais españolas. Ou tamén os atentados perpetrados en Bélxica polos servizos secretos alemáns e atribuídos a unhas supostas células comunistas ou o caso semellante da rede Gladio en Italia, coa cobertura da OTAN. Iso sen entrar a considerar a idea de razón de estado para Israel, Estados Unidos ou o Reino Unido, países inmunes á opinión pública mundial.